

O SECTOR INDUSTRIAL GALEGO: PERSPECTIVAS ANTE UN NOVO SÉCULO

JUAN J. ARES FERNÁNDEZ¹

Departamento de Fundamentos da Análise Económica
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 31 maio 2000

Aceptado: 15 xuño 2000

Resumo: Neste traballo analízase a evolución da industria galega nunha parte significativa da década dos noventa dende a perspectiva dunha comparación das principais variables macroeconómicas das diferentes agrupacións industriais. Esta comparación é o fundamento para a percepción das perspectivas de cada unha das agrupacións na próxima década. Os resultados revelan a evolución positiva do sector de confección de prendas de vestir e as dificultades do sector extractivo-enerxético e alimentario. De forma complementaria móstranse as diverxencias existentes nas fontes estatísticas polo que, segundo a estatística que se utilice, os resultados poderían ser ata contradictorios.

Palabras clave: Sector industrial / Galicia / Variables macroeconómicas / Estatísticas industriais.

GALICIAN INDUSTRIAL SECTOR: PERSPECTIVES IN THE FACE OF A NEW CENTURY

Summary: This paper analyses the evolution of Galician industry during a significant part of the 1990s by comparing the main macroeconomic variables of the different industrial groups. That comparison is the basis to understand the perspectives of each group in the next decade. The results reveal a positive evolution of the garment industry sector and the difficulties of food and extraction-energy sectors. In a complementary way the existing divergences in the statistical sources are shown and thus in accordance with the statistical source used, the results could be even contradictory.

Keywords: Industrial sector / Macroeconomic variables / Galicia / Industry Statistics.

1. INTRODUCCIÓN. TRAZOS BÁSICOS DA INDUSTRIA

Unha das conclusións habituais cando se analiza a economía galega é a constatación do seu raquitismo industrial. Sobre esta conclusión, que non imos negar, cómpre realiza-las matizacións necesarias para poder percibi-las perspectivas de futuro deste sector ante o inicio dun novo século. De se observa-los datos macroeconómicos, non cabe dúbida de que o peso da industria con respecto ós restantes macrosectores galegos non permiten indicar que exista unha especialización productiva nesta actividade. Así, no 1999 neste sector traballaban o 17,94 % dos ocupados galegos (169 mil fronte a 183 mil en 1980, segundo a EPA) que, sen embargo, xeraban o 31,52% do valor engadido bruto, o cal, en pesetas constantes, incrementouse nun 58,43% dende o ano 1980. Tamén, a facturación industrial non acadou o 6% da realizada na economía española, porcentaxe inferior ó da poboación ou ó de calquera outra variable que se tome como referencia e, de feito, na aplicación

¹ Os meus agradecementos polos seus comentarios ós profesores Melchor Fernández e Miguel Pousa.


de índices de especialización industrial Galicia queda por debaixo da media española.

Como é obvio, estes datos xerais explicaríanse en detalle de se realizar unha análise sectorial e territorial exhaustiva. Como punto de partida observaríase a concentración da actividade en moi poucos sectores localizados primordialmente na fachada atlántica e as capitais das dúas provincias orientais e os seus municipios limítrofes. Pero, dado que isto sobordaría amplamente a dimensión deste traballo, apuntaranse sucintamente os trazos básicos da industria galega, para logo centrámonos no estudio comparativo da evolución sectorial ocorrida nunha boa parte da década dos noventa, a cal permitirá intuí-la posición da industria no inicio do novo século. A análise farase, polo tanto, en termos relativos e en comparación co acaecido na industria española. A fonte estatística básica será a *Encuesta industrial de empresas* co cal disponse de datos homoxéneos para Galicia e España do período 1993-1998. Esta enquisa, elaborada polo INE, é o froito da substitución da antiga *Encuesta industrial* por dúas investigacións estatísticas independentes, unha das cales é a que aquí se utiliza.


A pesar da súa escasa capacidade para crear emprego neto, as estatísticas revelan que a industria foi o principal motor de crecemento do valor engadido bruto na nosa economía na década actual. De se comparar, utilizando un índice simple², o valor engadido bruto, a prezos de mercado en pesetas constantes de 1986, xerado na economía galega no ano 1991 co do ano 1999, este valor serve como referente da evolución do valor engadido bruto dos diferentes macrosectores, reflectíndose os resultados na gráfica 1. Obsérvase como, mentres a diferenza do índice obtido pola industria con respecto ó índice total galego é 8,18, esta diferenza no sector servizos quédase no valor de 2,49 e mostran, o sector primario e a construción unha evolución por baixo do índice total galego. O substantivo deste resultado, que podería ser moi variable segundo o ano que se tome por comparación, é que se mantén sexa cal sexa o período que se tome como base. Mesmo, malia se coller un momento máis atrás no tempo, o sector industrial segue sendo o que presenta a mellor evolución canto á xeración de valor engadido bruto. Na gráfica 2 compárase o ano 1980 con 20 anos despois e a fenda é superior á obtida na década dos noventa, de tal forma que a diferenza da industria é de 18,97 puntos positivos, o sector servizos quédase en 6,68 puntos mentres que se sitúa moi por baixo do termo medio o sector primario (-46,74). A construción presenta valores similares ós obtidos con relación ó ano 1991 (-13,19).

Este sinxelo exercicio permite apreciar como, a pesar do seu raquitismo con relación á industria española, o sector industrial desempeña un papel determinante na explicación do crecemento do valor engadido bruto na economía galega e cabe agardar que manteña ese protagonismo nos próximos anos. Parece que é máis verosímil a hipótese de que a economía galega é máis industrial debido á evolución que experimenta o propio sector que polo estancamento no valor engadido bruto xerado polo sector primario.

² O ano inicial toma o valor 100 e o dos restantes anos calcúlase mediante unha sinxela regra de tres.

Gráfica 1.- VEB a custo de factores. Evolución 1991-1999

FONTE: IGE. Elaboración propia.

Gráfica 2.- VEB a custo de factores. Evolución 1980-1999


FONTE: IGE. Elaboración propia.

Para completa-la análise, a gráfica 3 mostra a evolución da participación do valor engadido bruto industrial sobre o valor engadido bruto total galego. De representar en 1980 o 27,74% do valor engadido bruto total pasou ó 31,52% en 1999. A traxectoria é ascendente a pesar dos fortes procesos de reconversión ocorridos na década dos oitenta sobre todo no sector naval e a crise industrial de inicios dos noventa.

A traxectoria de crecemento, non obstante, non foi o suficientemente extensa como para que mellore a posición relativa da industria galega con respecto á industria española. Na información da táboa 1 sobre a facturación total obtida da *Encuesta industrial de empresas* apréciase como a industria galega se move entre o 5,5 e o 6% do total español. Nos seis anos dos que se dispón de información, período 1993-1998, das trece agrupacións nas que se clasifica a industria, só en catro,

o peso de Galicia con respecto a España é superior ó valor termo medio: industria extractiva, do petróleo, enerxía e auga; alimentación, bebidas e tabaco; madeira e cortiza; e material de transporte. Estas catro agrupacións que representaban en Galicia en 1993 o 74,22% da facturación total pasaron ó 68,59% en 1998. O máis notorio nas nove agrupacións restantes é o incremento na facturación detectado no sector da industria téxtil, confección, coiro e calzado que paulatinamente se foi achegando ó peso que a facturación da industria galega ten na española.

Gráfica 3.- Evolución da participación do VEB industrial no VEB total galego



FONTE: IGE. Elaboración propia.

Táboa 1.- Evolución, por agrupacións de actividade, do ingreso total da industria galega con relación ó ingreso total español. Porcentaxe

	1993	1994	1995	1996	1997	1998
Industrias extractivas do petróleo, enerxía e auga	10,07	9,63	9,95	8,97	8,65	7,77
Alimentación, bebidas e tabaco	6,96	6,07	6,46	5,87	6,16	6,28
Industria téxtil, confección, coiro e calzado	3,26	3,01	3,09	4,07	3,48	5,29
Madeira e cortiza	16,13	16,49	16,31	15,52	18,14	16,92
Papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gráficos	2,29	2,35	3,21	2,16	2,29	2,12
Industria química	1,86	1,56	1,56	1,54	1,57	1,71
Caucho e materias plásticas	2,74	3,43	3,20	3,26	3,63	3,52
Productos minerais non-metálicos diversos	5,20	5,94	5,34	5,15	5,24	4,60
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	4,10	4,67	4,57	4,66	4,60	4,48
Maquinaria e equipo mecánico	2,67	2,47	2,05	1,90	2,03	2,44
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	1,82	1,89	1,88	1,89	1,99	2,38
Material de transporte	11,02	9,97	9,77	10,57	10,17	11,28
Industrias manufactureiras diversas	2,13	2,44	2,25	2,50	1,79	2,63
<i>Total Industria</i>	<i>5,93</i>	<i>5,59</i>	<i>5,66</i>	<i>5,54</i>	<i>5,57</i>	<i>5,71</i>

FONTE: Encuesta industrial de empresas. Elaboración propia.

Salvando as cuestións máis puntuais que se comentarán nos próximos epígrafes, as modificacións que experimentan as oito agrupacións restantes, sendo cualitativamente relevantes, quedan diluídas en termos cuantitativos polo forte peso dos sectores antes citados. Aínda así cabe salienta-la ganancia de posicións no contexto da industria española de dúas agrupacións: caucho e materias plásticas; e material e equipo eléctrico, electrónico e óptico, e, polo lado contrario, é salientable a perda

de posicións de: produtos minerais non-metálicos diversos; e maquinaria e equipo mecánico.

O estancamento canto á presenza da industria galega en España que se observa na táboa 1, débese esencialmente a que o dinamismo observado nos sectores do transporte e da madeira, sobre todo nos últimos anos do período, contrárase coas caídas nas porcentaxes dos sectores de alimentación e extractivo-enerxético. Este último, en 1998 perdera 3,30 puntos con relación a 1993, o que lle supuxo que de factura-lo 23,13% do total da industria galega en 1993 pasara a un 14,5% en 1998. En España a porcentaxe descendeu en 3 puntos. A situación de atonía que descubren estas estatísticas contrasta coa vitalidade que parecen mostralas grandes empresas que o configuran, aínda que o esgotamento dos xacementos de lignito pardo limita as explotacións ás que se lles buscou unha maior vida coa importación de mineral.

O cambio que mostra a *Encuesta industrial de empresas* na industria galega entre 1993 e 1998 e que se recolle na táboa 2, sintoniza co que xa se comentou na táboa 1, aínda que neste caso o exercicio realízase para o importe neto da cifra de negocios.

Unha análise sectorial comparada permitirá observa-los cambios que se xeran no sector industrial e con isto intuí-las posibilidades de desenvolvemento de cada unha das agrupacións. Esa análise realízase no próximo epígrafe.

Táboa 2.- Distribución en 1993 e 1998 do importe neto da cifra de negocios na industria galega.

	1993	1998
	PORCENTAXE	PORCENTAXE
Industrias extractivas do petróleo, enerxía e auga	23,15	14,40
Alimentación, bebidas e tabaco	25,81	20,89
Industria téxtil, confección, coiro e calzado	3,61	5,67
Madeira e cortiza	5,19	6,12
Papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gráficos	2,31	2,24
Industria química	2,80	2,63
Caucho e materias plásticas	1,43	2,37
Productos minerais non-metálicos diversos	4,63	4,26
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	6,43	8,28
Maquinaria e equipo mecánico	1,96	2,19
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	1,80	2,69
Material de transporte	19,81	26,86
Industrias manufactureiras diversas	1,08	1,42
<i>Total Industria</i>	<i>100,00</i>	<i>100,00</i>

FONTE: *Encuesta industrial de empresas*. Elaboración propia.

2. EVOLUCIÓN E PERSPECTIVAS DAS AGRUPACIÓNS INDUSTRIAIS NO PERÍODO 1993-1998

Aplicando a mesma metodoloxía ca nas gráficas 1 e 2, a continuación e co fin de observa-la traxectoria das diferentes agrupacións nas que se descompón o sector industrial galego, analízase a evolución da variable importe neto da cifra de nego-

cios³. Por simplicidade compárase o ano 1993 co ano 1998 sen nos preocupar, polo tanto, do sucedido nos anos intermedios. Aínda que a confrontación das dúas facturacións denota a existencia de cambios estruturais na industria, tamén apreciados noutras estatísticas como as que se reflicten na táboa 1, non se pode obvia-lo nesgo que introducen os fenómenos conxunturais ocorridos en ámbolos dous períodos.

As perturbacións conxunturais no sector industrial no seu conxunto, obtidas mediante a información de valor engadido bruto facilitada polo IGE e xa comentada nas gráficas 1 e 2, caracterizan un ciclo industrial⁴ durante a década dos noventa dunha grande volatilidade. O período de duración dos sucesivos ciclos foi tan curto que as cimas alcanzáronse no primeiro trimestre dos anos 1992 e 1994, mentres que o punto máis baixo das recesións detectouse no segundo trimestre de 1993 e no primeiro trimestre de 1998, aínda que, neste último caso, se producira unha lixeira recuperación nos primeiros meses de 1997. Tendo en conta a análise anterior, obsérvase como no primeiro e no último ano dos que se dispón de información na *Encuesta industrial de empresas*, 1993 e 1998, deuse a peculiaridade de que a industria está saíndo dunha conxuntura recesiva, aínda que a recesión era máis profunda no ano 1993. Esta relativa simetría xustifica, en parte, a nosa comparación para Galicia, aínda que iso non evita o feito de que cada agrupación evoluciona ciclicamente de forma distinta.

Asumindo as restricións anteriores, a análise comparada do importe neto da cifra de negocios, segundo as agrupacións que, seguindo as subseccións da Clasificación Nacional de Actividades Económicas-1993, realiza a citada enquisa, denota cambios significativos na industria galega. Na gráfica 4 reitérase o xa exposto anteriormente. En termos relativos, decae a facturación en dous dos sectores con maior tradición da nosa industria: as industrias extractivas do petróleo, enerxía e auga e a industria alimentaria, no sentido de que a facturación, en ámbolos dous, sitúase por baixo do índice de crecemento total da industria. Pola contra, en seis agrupacións a facturación evoluciona de forma relativamente favorable: industria téxtil e da confección; caucho e materias plásticas; material e equipo eléctrico; metalurxia e fabricación de produtos metálicos; material de transporte; e industrias manufactureiras diversas.


Segundo as estatísticas dispoñibles, de cara ó inicio dun novo século a posición relativa das industrias enerxéticas-extractivas e do sector agroalimentario sitúaa nunha posición un tanto complicada ante a súa perda de protagonismo nunha economía na que unha evolución obvia sería a de completa-los ciclos productivos co racional aproveitamento industrial dos seus recursos naturais. A análise pormenorizada deste menor dinamismo soborda os obxectivos do actual traballo, aínda que o feito de que a agregación de ámbolos dous pasase de representa-lo 48,96% da facturación total en 1993 ó 35,29% en 1998 se poida explicar, en parte, por factores

³ O importe neto da cifra de negocios integra as vendas de produtos, as vendas dos bens adquiridos pola empresa para a súa venda sen transformación e as prestacións de servizos ós que cómpre deduci-lo importe dos descontos e demais bonificacións sobre as vendas, o IVE e outros impostos directamente relacionados.

⁴ Ve-la colección de *Informe de conxuntura da economía galega*. Fundación Caixa Galicia. CIEF.

conxunturais non evita volverse referir ós cambios na produción enerxética e á re-estructuración que está experimentando a industria agroalimentaria canto ó papel das pequenas empresas, xa que a evolución na facturación das grandes non explica estes cambios espectaculares.

Gráfica 4.- Importe neto da cifra de negocios. Evolución 1993-1998



1. Industrias extractivas, do petróleo, enerxía e auga.
2. Alimentación, bebidas e tabaco.
3. Industria téxtil, confección, coiro e calzado.
4. Madeira e cortiza.
5. Papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gráficos.
6. Industria química.
7. Caucho e materias plásticas.
8. Productos minerais non-metálicos diversos.
9. Metalurxia e fabricación de produtos metálicos.
10. Maquinaria e equipo mecánico.
11. Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico.
12. Material de transporte.
13. Industrias manufactureiras diversas.

De se compararen os resultados galegos cos da industria española o trazo común é o dunha similar evolución sectorial malia que, debido, entre outros factores, á maior dimensión desta última, as súas desviacións con respecto ó valor total foron menos acusadas. Unha primeira visión da gráfica 4 mostra unha certa estabilidade na industria española fronte a grandes oscilacións da industria galega, que parece atravesar unha fase de transformación na que os sectores máis tradicionais están perdendo importancia fronte a outros que, sen acadalos seus niveis de facturación, adquiren un maior pulo.

O principal trazo distintivo nesta evolución foi o comportamento experimentado pola industria téxtil e da confección que en Galicia se desviara positivamente con respecto ó valor medio en 86,47 puntos mentres que en España a desviación fora de -10,31 puntos. O declive do sector en España e Europa constatado nos informes sectoriais elaborados nos últimos anos (Asociación de Colectividades Textíles Europeas (1998) levou, incluso ás administracións públicas, a poñer en práctica políticas industriais dirixidas especificamente cara a esa agrupación co fin de reconver-

ter e reindustrializa-las áreas nas que o sector téxtil tiña unha presenza significativa e estaba nunha situación de declive. Un exemplo diso é a Iniciativa Comunitaria Retex que tamén se aplicou en Galicia. A organización empresarial (deslocalización cara a países con man de obra máis barata) e a atonía na demanda interna non contrarrestada por unha maior presenza nos mercados exteriores son os factores que impulsaron a evolución negativa do sector en España nas décadas dos oitenta e dos noventa. Esta situación tan lúgubre, motivada máis polo sector téxtil que polo da confección de prendas de vestir e xéneros de punto, contrasta coa expansión experimentada por esta agrupación en Galicia que a *Encuesta industrial* cifra nun crecemento na facturación, en pesetas correntes e durante o período analizado, do 138,6%. O control do ciclo productivo completo, a sensibilización cara ó deseño, a especialización na confección e o xénero de punto, o nivel tecnolóxico e a capacidade organizativa na que, a pesar da deslocalización deixan desenvolve-lo sector en Galicia, son factores que permiten presaxiar boas expectativas para os próximos anos e iso lograrase en maior medida de se aproveitaren as boas oportunidades de complementariedade que existen coa rexión norte de Portugal especializada no sector téxtil. Cómpre apuntar, ademais, que esta actividade está xerando unha serie de vantaxes adicionais na nosa economía, na que se padece un proceso imparabile de abandono da poboación das zonas máis rurais para concentrarse nos principais núcleos de poboación. A información de que se dispón sobre a creación de novas empresas indica que son as zonas rurais os lugares máis propicios para a creación de cooperativas do sector da confección, polo que a expulsión de man de obra agraria pode compensarse, só en parte, co desenvolvemento deste sector.

A outra agrupación que na desviación entre Galicia e España moveuse en sentido contrario é a de produtos minerais non-metálicos diversos, que engloba a fabricación de produtos cerámicos, cemento e a industria da pedra natural. Neste caso, si son os factores conxunturais ocorridos en 1998 os que explican esta situación xa que non se asentán industrias de grande implantación en Galicia durante as dúas últimas décadas como o granito e a lousa. Este sector foi adquirindo madureza e, logo de ter acusado a crise dos mercados asiáticos, inicia unha recuperación con boas perspectivas nos próximos anos.

Polo seu tamaño na industria galega e española merece unha mención especial a fabricación de material de transporte. En ámbalas dúas economías, o importe neto da cifra de negocios, en pesetas correntes, duplicouse entre 1993 e 1998. Agrúpanse nesta actividade dous sectores de traxectoria diferente: construción de vehículos automóbiles e construción naval. As perspectivas no inicio do milenio para ámbalas dúas agrupacións en Galicia son boas, mellor para o sector de automoción do que para a construción naval. No primeiro estase consolidando a rede de fabricantes de compoñentes de automoción mentres que, no segundo, os medianos estaleiros teñen que competir en desvantaxe coas empresas do leste de Asia acusadas de vender en Europa por baixo dos seus custos de fabricación. Aínda así, a evolución dos estaleiros da ría de Vigo parece favorable mentres que a dos grandes estaleiros da ría de Ferrol agardan a súa definitiva complementariedade ante a escasa

carteira de pedidos de Astano e o inicio da construción de cinco fragatas para Noruega en Bazán, polo que terá garantida unha carga de traballo nos próximos nove anos. Esta evolución positiva no contexto da industria galega tamén se detecta na industria española ata o punto de ser esta a agrupación na que se conseguiu o maior dinamismo.

O único sector no que o índice español supera ó galego é no de fabricación de maquinaria e equipo mecánico. Aínda que no contexto da economía galega a evolución deste sector é positiva, sen embargo, non acadada os niveis da actividade en España. A información suxire que non acaba de consolidarse unha industria de bens de equipo en Galicia con capacidade exportadora e que, á vez, atenda a demanda interna galega. Aínda que é certo que nos dous últimos anos do período se observa un incremento substantivo na facturación e no emprego, o crecemento nesta actividade queda moi mediatizado pola dificultade de dispoñer de capacidade investidora e de capital humano adecuado ante o efecto de aglomeración dos grandes núcleos urbanos españois como Madrid ou Barcelona. Pola contra, consolídase a actividade de material eléctrico e electrónico cunha facturación en 1998 en Galicia que superaba por primeira vez á da agrupación anterior. Trátase dun sector de nivel de intensidade tecnolóxica alto con empresas de certo nivel.


Por último, na gráfica 4 tamén salienta a diferenza positiva con respecto á facturación total que se observa na agrupación de caucho e materias plásticas en Galicia. O peso desta actividade é baixo, pasando de representa-lo 1,43% da facturación total en 1993 ó 2,37% en 1998, co que non é de estraña-la súa expansión en termos relativos. De feito, nos datos dos proxectos de investimento apoiados pola política rexional da Administración central, que se analizarán máis adiante, sobresaen esta agrupación.

Na gráfica 5 móstranse os resultados de repetir esta análise coa variable: número de horas traballadas. Os resultados non son similares ós da gráfica anterior e sobresaen as seguintes conclusións:

- A evolución positiva no número de horas traballadas (e, polo tanto, no emprego) no sector téxtil e da confección non é comparable coa de ningunha outra agrupación.
- Os sectores que evolucionaron negativamente canto ó importe neto da cifra de negocios, polo xeral, tamén o fixeron no referente ó número de horas traballadas
- As diferentes agrupacións que configuran a industria galega teñen un comportamento similar ó seguido na economía española, no sentido de que se o número de horas traballadas nun sector medrou ou descendeu con respecto á evolución detectada no conxunto da industria española tamén o fixo na industria galega coa salvidade de que neste último caso as desviacións foron máis fortes. Na gráfica obsérvanse dúas excepcións (un crecemento positivo en España e negativo en Galicia): madeira e cortiza; e papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gráficos. Trátase, non obstante, de dúas agrupacións cunha evolución moi semellante á seguida polo sector industrial na súa totalidade.

- En consonancia coa evolución na facturación, o freo na dinámica expansiva de industrias extractivas, do petróleo, enerxía e auga; e alimentación, bebidas e tabaco tamén se aprecia coa variable número de horas traballadas. O descenso no número de horas traballadas cuantificase respectivamente en 3.506 e 2.697 miles de horas cunha tendencia, no primeiro caso, decrecente dende 1993 e, no segundo, tamén decrecente ata 1996, para recuperarse lixeiramente nos dous anos seguintes.


Gráfica 5.- Número de horas traballadas. Evolución 1993-1998



1. Industrias extractivas, do petróleo, enerxía e auga.
2. Alimentación, bebidas e tabaco.
3. Industria téxtil, confección, coiro e calzado.
4. Madeira e cortiza.
5. Papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gráficos.
6. Industria química.
7. Caucho e materias plásticas.
8. Produtos minerais non-metálicos diversos.
9. Metalurxia e fabricación de produtos metálicos.
10. Maquinaria e equipo mecánico.
11. Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico.
12. Material de transporte.
13. Industrias manufactureiras diversas.

A gráfica 6 presenta os resultados que se obteñen do cociente entre o importe neto da cifra de negocios e o número de horas traballadas. Esta nova variable pódese entender como unha lixeira aproximación á evolución comparada da produtividade media do factor traballo nas industrias galega e española.

A comparación da variable analizada coa evolución da industria no seu conxunto (do valor 100 no 1993 pasou ó valor 130,26 no 1998) reflicte crecementos superiores ó total en 9 das 13 agrupacións estudadas. Nos resultados puideron ter influído múltiples factores tales como a incorporación de capital aforrador de traballo; o incremento na habelencia dos traballadores existentes; unha maior externalización dos procesos productivos fóra de Galicia; ou por un maior peso na facturación dos inputs intermedios. No período estudado destacan as peculiaridades seguintes:

Gráfica 6.- Importe neto da cifra de negocios/Número de horas traballadas. Evolución 1993-1998

1. Industrias extractivas, do petróleo, enerxía e auga.
2. Alimentación, bebidas e tabaco.
3. Industria téxtil, confección, coiro e calzado.
4. Madeira e cortiza.
5. Papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gráficos.
6. Industria química.
7. Caucho e materias plásticas.
8. Produtos minerais non-metálicos diversos.
9. Metalurxia e fabricación de produtos metálicos.
10. Maquinaria e equipo mecánico.
11. Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico.
12. Material de transporte.
13. Industrias manufactureiras diversas.

- Non tódolos sectores de intensidade tecnolóxica baixa mostraron comportamentos semellantes. Na industria téxtil, confección, coiro e calzado e en alimentación, bebidas e tabaco, os incrementos ou decrecementos na facturación viñeron acompañados de variacións relativamente próximas no emprego, de tal forma que na gráfica que se analiza a variable mantense en niveis pretos ó da evolución da industria no seu conxunto. Pola contra, na industria da madeira e cortiza, o incremento na facturación (en termos monetarios, do índice 100 no 1993 pasou ó índice 179,47 no 1998) correspondeuse cun escaso incremento no número de horas traballadas (105,22 no 1998) co cal, como se reflicte na gráfica, a contribución de cada hora traballada ó volume de facturación incrementouse substancialmente.
- Dos sectores definidos como de intensidade tecnolóxica media-alta, na agrupación maquinaria e equipo mecánico o crecemento relativo na ocupación foi superior ó da facturación, co cal, a evolución do cociente foi a máis negativa das trece agrupacións analizadas. Con iso parece que diminúe a súa produtividade aparente, en termos relativos, o cal, ante o tipo de agrupación de que se trata, non parece que sexa un dato positivo. A agrupación evolucionou de forma contraria a como o fixo na economía española.
- Igualmente, a evolución do cociente entre o importe neto da cifra de negocios e o número de horas traballadas na industria enerxética-extractiva foi moi inferior (-15,66 puntos) ó do conxunto da industria. As lóxicas perdas de emprego ante a

caída na facturación en termos monetarios non foron tan fortes debido a que a evolución da produtividade aparente do traballo no sector quedouse, como xa se indicou, por baixo do termo medio galego.

- A pesar do seu escaso peso na industria galega, o sector de caucho e materias plásticas (de intensidade tecnolóxica media-baixa) é no que se rexistra o maior incremento da relación analizada. Esta variación non se corresponde co sucedido na industria española e denota un dinamismo na facturación e seguramente na xeración de valor engadido bruto que non se traslada á creación de postos de traballo. Ó noso xuízo, os factores que inciden nestes resultados son dous. Por un lado, a realización de novos proxectos máis intensivos en capital e, polo outro, o problema da clasificación das empresas que, figurando no sector de caucho e plástico, fabrican compoñentes para o sector da automoción, co que parte dese incremento na produtividade habería que atribuírlo ó sector fabricante de automóviles, que presenta en Galicia unha taxa inferior á da industria española. Non obstante, a evolución en ámbolos dous sectores presaxia boas perspectivas para un próximo futuro.
- Como sucede nas variables comentadas anteriormente, a volatilidade nas agrupacións galegas é moi superior ós resultados referidos a España. Da comparación de ámbalas dúas industrias resulta:
 - a) A produtividade aparente móvese no mesmo sentido en tódalas agrupacións con tres excepcións. Na industria téxtil, da confección, coiro e calzado na que o declive desta actividade en España resulta evidente. Pola contra, a caída na produtividade do sector de maquinaria e equipo mecánico contrasta cun incremento na mesma na industria española. Por último, tamén o cociente se situou en España por baixo do termo medio na agrupación de industrias manufactureiras diversas, o que non sucedeu na industria galega.
 - b) O único sector no que a produtividade aparente do traballo con respecto ó termo medio da industria española supera ó seu homónimo galego é o de material de transporte. A diferenza con respecto á evolución da industria en España é de 31,37 puntos (a agrupación seguinte é o sector químico, cunha diferenza de 15,27 puntos) mentres que en Galicia se queda en 25,75 puntos.

3. VARIABLES QUE COMPLEMENTAN A ANÁLISE

Os resultados homoxéneos da *Encuesta industrial de empresas* permiten realizar unha análise comparativa sobre a evolución das agrupacións nas que se descompón o sector industrial. Non obstante, con información estatística similar, pero proporcionada por outras fontes, é posible que os prognósticos anteriores teñan que se modificar.

3.1. A EVOLUCIÓN DO EMPREGO INDUSTRIAL

Nas táboas 3 e 4 recóllese a distribución do emprego industrial que facilita a EPA e a *Encuesta industrial de empresas*. Agrupáronse de tal forma que poden

compararse, aínda que non se pode garanti-la homoxeneidade non só pola distinta metodoloxía utilizada –a primeira diríxese cara ós fogares mentres que a segunda faino ás empresas– senón tamén polo momento na toma de información. A simple observación de ámbalas dúas táboas mostra como os resultados obtidos dunha análise comparada de produtividade ou doutra variable que poida ter como protagonista o emprego diverxen segundo a fonte estatística utilizada. Resulta, polo tanto, razoable preguntarse qué agrupacións manterían os resultados do epígrafe anterior e qué se modificaría de se utilizar como fonte de ocupación a EPA.

Táboa 3.- Evolución da ocupación industrial galega por sectores segundo a *Encuesta de población activa*

	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	% 1999
Extractivas, electricidade, gas e auga	9,7	10,4	12,8	13,7	13,5	11,7	11,8	7,0
Química, metalurxia, prod. metál. e maquinaria	33,7	34,1	29,9	31,7	28,6	31,8	32,5	19,3
Material de transporte	23,4	21,7	22,4	27,5	27,9	34,5	33,7	20,0
Industria alimentaria	30,3	26,5	29,8	25,0	27,7	29,0	28,2	16,8
Industria téxtil e do coiro	12,5	13,2	14,1	20,2	23,3	21,7	21,4	12,7
Industria da madeira	8,0	8,4	11,9	11,0	14,3	18,9	15,2	9,0
Industria do papel e da edición	4,5	4,5	5,2	4,4	4,2	4,4	5,5	3,3
Outras industrias manufactureiras	13,2	10,4	12,4	13,1	12,7	15,5	19,8	11,8
<i>Total industria</i>	<i>135,3</i>	<i>129,2</i>	<i>138,5</i>	<i>146,4</i>	<i>152,2</i>	<i>167,5</i>	<i>168,1</i>	<i>100,0</i>
<i>Índice anual</i>	<i>100,0</i>	<i>95,5</i>	<i>102,4</i>	<i>108,2</i>	<i>112,5</i>	<i>123,8</i>	<i>124,2</i>	
<i>% Crecemento anual</i>		<i>-4,5</i>	<i>7,2</i>	<i>5,7</i>	<i>3,9</i>	<i>10,1</i>	<i>0,4</i>	

FONTE: IGE: EPA, cifras referidas ó último trimestre de cada ano. Tomado de *A economía galega. Informe 1998-1999*. Fundación Caixa Galicia. CIEF.

Táboa 4.- Evolución da ocupación industrial galega por sectores segundo a *Encuesta industrial de empresas*

	1993	1994	1995	1996	1997	1998
Extractivas, electricidade, gas e auga	11,6	10,3	10,2	9,9	9,6	9,5
Química, metalurxia, prod. metál. e maquinaria	36,5	38,4	39,5	40,2	41,4	42,5
Material de transporte	20,3	19,4	22,2	22,7	23,8	26,0
Industria alimentaria	28,3	27,2	25,8	24,8	26,3	26,8
Industria téxtil e do coiro	12,6	11,9	12,3	13,3	14,3	21,6
Industria da madeira	11,4	10,6	10,9	10,9	12,0	12,0
Industria do papel e da edición	4,4	4,3	5,0	4,3	5,0	5,1
Outras industrias manufactureiras	7,7	7,9	8,1	8,6	8,8	10,3
<i>Total industria</i>	<i>132,8</i>	<i>130,1</i>	<i>134,1</i>	<i>134,7</i>	<i>141,0</i>	<i>153,8</i>
<i>Índice anual</i>	<i>100,0</i>	<i>97,9</i>	<i>101,0</i>	<i>101,4</i>	<i>106,2</i>	<i>115,8</i>
<i>% Crecemento anual</i>		<i>-2,1</i>	<i>3,1</i>	<i>0,4</i>	<i>4,7</i>	<i>9,1</i>

FONTE: *Encuesta industrial de empresas*. Elaboración propia.

Ámbalas dúas estatísticas mostran inequivocamente o cambio que experimentou a industria a mediados da década dos noventa no sentido de que, logo dun longo período de estabilización e destrución de emprego, por fin se observan taxas de crecemento positivas e substantivas (en 1998 en torno ó 10%), coa previsión de que exista unha certa estabilidade o que, sumado á evolución da conxuntura na nosa contorna, permite intuír que a industria galega seguirá creando emprego no inicio da nova década.

Por outro lado, aínda que a contabilización dos ocupados diverxe conforme transcorre o período, no sentido de que a fenda entre ámbalas dúas fontes foise agrandando, ámbalas dúas estatísticas confirman, canto ás agrupacións cuantitativamente máis importantes, a evolución positiva das dúas seguintes: industria téxtil e do coiro; e a de material de transporte, polo que se han admitir como razoables os resultados acadados no epígrafe anterior. A pesar das evidentes discrepancias entre ámbalas dúas fontes, a evolución da ocupación na industria alimentaria reflicte un descenso nos ocupados ata o ano 1996, a partir do que se produciu unha recuperación, o que tamén corrobora as conclusións obtidas na análise anterior.

Sorprendente, sen embargo, é a evolución da ocupación na agrupación: industrias extractivas, electricidade, gas e auga, xa que se na *Encuesta industrial de empresas* era inequivocamente decrecente, as estatísticas da EPA reflicten un crecemento na ocupación (4.000 ocupados) ata 1996 e un estabilización ó final do período. De ser máis verosímiles as estatísticas obtidas dende a oferta de traballo (EPA), a posición relativa do sector modificaríase no sentido de que a súa evolución non sería tan negativa, feito que tamén alteraría a posición relativa das restantes agrupacións.

3.2. OS INCREMENTOS NO STOCK DE CAPITAL PRODUCTIVO

A Fundación BBV-IVIE cuantificaba para o período 1985-1995 no 15,41% a porcentaxe do capital privado rexional que corresponde á industria galega, considerando que o sector residencial absorbía o 51,46%. Constátase que as diferencias son notables con relación ás comunidades autónomas españolas tradicionalmente industriais como Cataluña (23%) ou o País Vasco (40%)⁵. Segundo estas estimacións, durante ese período o capital privado industrial galego representaba o 4,94% do stock de capital español, cifras que, comparadas coa facturación, xeración de valor engadido bruto ou o emprego, reflicten, *grosso modo*, unha fabricación especializada en produtos máis intensivos en factor traballo na industria galega. A porcentaxe en torno ó 5% mantívose en todo o período do que se dispón de información.

Unha posible maneira de observar de forma comparativa o dinamismo das agrupacións analizadas no epígrafe anterior é por medio da análise dos novos investimentos efectuados, xa sexa para a creación de novas actividades industriais ou para modernizar ou incrementa-lo capital productivo nas xa existentes. Estes investimentos mostran a evolución da capacidade productiva da industria galega. Debido a que as necesidades de dotación de capital son moi diferentes segundo a agrupación á que nos refiramos pártese da distribución, en pesetas constantes de 1990, do stock neto de capital privado na industria galega elaborada partir da información facilitada pola Fundación BBV-IVIE para o ano 1991. Nesta distribución porcentual que figura na primeira columna da táboa 5, obsérvase como a metade do stock

⁵ Unha ampla exposición sobre este punto atópase en E. Reig e A. Picazo (1997).

de capital existente corresponde ó sector extractivo-enerxético, e sitúanse, a seguir, as agrupacións: alimentación, bebidas e tabaco e material de transporte con porcentaxes próximas ó 10%. Esta distribución compárase coa obtida do *Instituto Galego de Promoción Económica* (IGAPE) sobre investimentos aprobados durante o período 1993-1997 nos dous programas de apoio máis significativos: incentivos económicos rexionais (Galicia foi declarada pola Administración central Zona de Promoción Económica-ZPE) e as axudas ás PEMES mediante subvención ó tipo de xuro dos préstamos.

Táboa 5.- Distribución dos investimentos productivos apoiados polas Administracións central (programa de incentivos rexionais) e autonómica (programa de apoio ás PEMES mediante subvención ó tipo de xuro dos préstamos). Período 1993-1997

AGRUPACIÓNS	PORCENTAXE STOCK DE CAPITAL EN 1991	PORCENTAXE ZPE	PORCENTAXE PEMES
Industrias extractivas, do petróleo, enerxía e auga	50,42	8,20	4,51
Alimentación, bebidas e tabaco	9,58	8,13	23,50
Industria téxtil, confección, coiro e calzado	1,92	4,78	5,04
Madeira e cortiza*	4,46	21,44	15,70
Papel, edición, artes gráf. e reprod. de soportes gráf.	3,34	7,10	6,55
Industria química	3,33	2,78	3,16
Caucho e materias plásticas	1,59	9,74	3,76
Productos minerais non-metálicos diversos	6,96	8,02	12,51
Metalurxia y fabricación de produtos metálicos	7,53	6,43	4,83
Maquinaria e equipo mecánico	0,99	2,77	2,90
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	0,92	1,75	2,97
Material de transporte	8,96	14,13	12,83
Industrias manufactureiras diversas		4,73	1,73
<i>Total industria</i>	<i>100,00</i>	<i>100,00</i>	<i>100,00</i>

* Na primeira columna inclúese *Industrias manufactureiras diversas*.

FONTES: Fundación BBV-IVIE, Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE). Elaboración propia.

O exercicio explica unha tendencia, xa que só se recolle a parte do investimento privado susceptible de recibir apoio público de forma que na segunda columna da táboa 5 figurarían as empresas de maior dimensión, mentres que na terceira columna se integrarían outras de menor tamaño. É obvio que ante unha estrutura industrial galega conformada por pequenas e medianas empresas, unha parte desas empresas que figuran na segunda columna tamén están na terceira. Aínda que na táboa 5 non se recolle a totalidade dos investimentos, pódese manter a hipótese de que ante un novo investimento, se existe unha subvención, o racional sería beneficiarse dela, co cal estas dúas columnas serían unha variable próxima, a pesar de que existen actuacións destinadas exclusivamente a unha agrupación que apoiarían subvencións non recollidas nos anteriores programas.

Na columna 2 seleccionáronse exclusivamente os proxectos que a administración considera como vixentes, xa que unha parte significativa dos proxectos aprobados non se executan, co cal se estaría sobrevalorando a contía do investimento productivo. Na columna 3, a información complétase coa distribución por sectores

do investimento subvencionado pola Administración autonómica, exclusivamente no referente ó sector industrial, gracias ó programa de apoio financeiro ás PEMES mediante a subvención ó tipo de xuro dos préstamos destinados ó investimento productivo e solicitados ás entidades bancarias colaboradoras, estatística na que tamén se inclúe o *leasing*. Nestes resultados destacan os seguintes feitos:

- As instalacións do sector enerxético, moi intensivas en capital, minimizaron o investimento total existente nos outros sectores. No período estudado, ó non existir novas instalacións que requiran unha importante achega de capital, a distribución do investimento foi máis homoxénea.
- De se considerar exclusivamente a industria manufactureira, salienta o investimento efectuado na agrupación madeira e cortiza, que parece ter un maior reflexo ó final do período (1997 e 1998) na evolución da facturación e do emprego. É reseñable tamén a evolución dos investimentos no sector do caucho e materias plásticas, o que confirma a evolución xa observada noutras variables. Constátase tamén o significativo peso dos investimentos efectuados en material de transporte.
- A caída na facturación non freou o investimento no sector alimentario, xa que el só representa a cuarta parte dos investimentos subvencionados ó tipo de xuro dos préstamos. O suposto descenso na facturación e no emprego parecen circunstancias conxunturais ante unhas expectativas empresariais que, pola información dispoñible, parecen ser optimistas.
- O sector téxtil, confección, coiro e calzado mantén unha porcentaxe similar á que tiña no 1991 de se considera-la industria manufactureira, mentres que esta porcentaxe se incrementa de se tratar da industria no seu conxunto. Isto confirma a importancia do factor traballo na positiva evolución do sector.
- A concentración nas actividades comentadas nos puntos anteriores ponse de manifesto na táboa 5 polo menor peso dos novos investimentos efectuados en sectores coma na industria química e metalúrxica e na fabricación de produtos metálicos, así como na existencia dun investimento moi baixo en sectores intensivos en capital coma no de maquinaria e equipo mecánico.

Por todo isto, a industria manufactureira galega aparece cada vez máis especializada en catro agrupacións: alimentación, bebidas e tabaco; industria téxtil, confección, coiro e calzado; madeira e cortiza; e material de transporte. A capacidade continua de adaptación ante a nova organización internacional e a superación das súas debilidades tradicionais condicionarán o seu máis inmediato futuro.

3.3. A POSICIÓN NO MERCADO EXTERIOR

A paulatina concentración da industria galega nos sectores antes indicados queda claramente plasmada na táboa 6, na que se compara o volume de comercio de 1993 co existente no 1999. Dúas cuestións salientan nas exportacións: 1) o 49% das vendas ó exterior correspondían no 1999 ó sector da automoción cando no 1993 representaba o 35%; 2) dende 1993 a 1999 multiplicáronse por seis as vendas

ó exterior de prendas e complementos de vestir e xéneros de punto. Esta especialización na base exportadora da industria galega ten o risco de facela máis vulnerable ás crises, sobre todo ás que poidan existir no sector da automoción no mercado mundial, sector, por outro lado, de demanda moi inestable.

Táboa 6.- Evolución do comercio exterior galego dos bens industriais (en millóns de pesetas)

Principais produtos	1993		1999	
	EXPORT.	IMPORT.	EXPORT.	IMPORT.
Vehículos automóbiles	151.045	113.693	388.056	343.990
Fundición, aceiro, aluminio e as súas manufacturas	35.604	21.215	39.000	61.705
Combustibles minerais	19.504	87.141	20.029	116.779
Madeira e as súas manufacturas	12.646	12.219	27.755	34.562
Caldeiras e maquinaria	11.157	56.591	18.029	82.204
Prendas, complementos de vestir e xéneros de punto	9.803	18.097	57.751	40.727
Valor total	430.387	526.459	791.764	908.191

FONTE: ICEX-IGE.

Canto ás importacións de bens intermedios e de investimento, o sector da automoción é de novo o gran protagonista debido ó tráfico de mercadorías intermedias existente con Francia. O peso deste comercio é moi alto aínda a pesar do desenvolvemento que a industria de compoñentes do automóbil acadou en Galicia nesta última década.

A necesidade de dotarse de bens de investimento no exterior reflíctese no aumento nas importacións de caldeiras e maquinaria coa que se ensanchou a capacidade productiva industrial. Estes produtos sitúanse no 1999, ó igual ca no 1993, no terceiro lugar do conxunto de bens importados tralas compras de produtos minerais dos que Galicia cada vez é máis deficitaria.

En suma, sen ser Galicia unha comunidade especializada nas actividades industriais, este sector mostrouse como o principal motor no seu desenvolvemento na presente década e, observando a súa evolución máis recente, cabe supoñer unha evolución positiva nas súas agrupacións máis relevantes a pesar dos seus indubidables problemas estruturais. Non obstante, ante o crecemento da industria en España, é probable que non se incremente o peso que a industria galega representa na española, o cal non favorecerá a converxencia de ámbalas dúas economías.

BIBLIOGRAFÍA

- ASOCIACIÓN DE COLECTIVIDADES TEXTÍLES EUROPEAS (1998): *El sector textil, una aproximación territorial*. Ajuntament de Terrassa.
- FERNÁNDEZ LEICEAGA, X.; LÓPEZ IGLESIAS, E. (2000): *Estructura Económica de Galiza*. Laiovento.
- FUNDACIÓN CAIXA GALICIA. CIEF (2000): *A economía galega: informe 1998-1999*. (Serie Informes Anuais, núm. 14).

Ares, J.J.

O sector industrial galego: perspectivas...

FUNDACIÓN CAIXA GALICIA. CIEF (2000): *Informes de conxuntura da economía galega*. (Varios números).

INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA: *Encuesta industrial de empresas*. (Varios anos).

PRADA BLANCO, A. (1999): *Economía de Galicia*. Xerais.

REIG, E.; PICAZO, A. (1997): *Capitalización y crecimiento de la economía gallega, 1955-1996*. Fundación BBV.